

## O punto de reciclaxe, xa en obras



O punto de reciclaxe 'Oroso Verde' xa está en obras. O Concello iniciou a mediados de agosto, cos movementos de terra e as escavacións previos, os traballos para construír a infraestrutura para prestar o servizo. As instalacións situaranse nunha parcela de 2.200 metros cadrados de superficie, situada no polígono industrial Oroso Pequeno, en Sigüeiro.

O Concello inviste 101.049 euros nesta iniciativa, da que destaca unha nave de 500 metros de superficie. De acordo co proxecto construtivo, a obra ten unha concepción modular, o que permitirá futuras ampliacións no caso de que fosen precisas. Está previsto que as obras conclúan no vindeiro mes de novembro.

O alcalde, Manuel Mirás, e o con-

celleiro de Obras e Servizos, Eduardo Veiras, acudiron a supervisar o inicio dos traballos. Mirás explica que o punto 'Oroso Verde' vai ser "un paso moi importante para conseguir que o Concello de Oroso sexa cada vez máis limpo e sostible ambientalmente", ao facilitar que a cidadanía poida xestionar os residuos máis complexos de xeito seguro e respectuoso co medio.

Neste sentido, cómpre lembrar que o punto de reciclaxe 'Oroso Verde' permitirá depositar, para a súa posterior clasificación, separación e reciclaxe, elementos e materiais como pilas, disolventes, electrodomésticos, aerosois, baterías, produtos de informática... A nave contará tamén con colectores para a separación de papel e cartón, vidro, envases e téxtil.

No mesmo recinto, o Concello contempla tamén a habilitación dun lugar especial para recoller plásticos de uso agrícola e gandeiros, cando aos responsables das explotacións xa non lles resulten útiles. Tamén se poderán trasladar entullos de pequenas obras, se ben este servizo será de uso exclusivo para particulares.

Por outra parte, á vez que avanza as obras, a administración municipal traballa xa na elaboración dos pregos do concurso para a xestión do punto de reciclaxe. Nese documento administrativo fixáronse os requisitos económicos e técnicos que deberán cumprir as empresas que queiran optar á adxudicación do servizo, ademais de establecer o procedemento que se seguirá para a contratación.



## Os accesos á escola infantil da Chousa Nova, preparados para iniciar o primeiro curso

O Concello de Oroso investiu 106.000 euros na urbanización dos accesos á escola infantil da Chousa Nova, que se estrea este mes de setembro. Os traballos consistiron en dotar a zona cunha beirarrúa, e a zona de circulación máis o aparcadoiro contan con firme con aglomerado en quente. O Concello tamén se encargou de instalar puntos de luz e das conexións de auga, gas e electricidade.

O alcalde, Manuel Mirás, destaca que o Concello cumpriu o compromiso adquirido coa Xunta para rematar as obras con antelación suficiente para comezar o curso con normalidade. O concelleiro de Obras e Servizos, Eduardo Veiras, explica que a obra foi planificada para que os accesos ao novo centro sexan amplos e seguros.



## Protección Civil estrea un furgón con capacidade para nove pasaxeiros co que reforza o seu labor diario

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil conta cun novo furgón para reforzar o seu labor diario. Foi recollido pola tenente de alcalde, Vanesa Boo, e pola responsable da agrupación, Encarnación Jiménez. O vehículo, de 120 CV de potencia, ten capacidade para trasladar nove pasaxeiros. Unido ás demais unidades de que dispón a agrupación, facilita o desprazamento dos vinte voluntarios. Vanesa Boo lembrou que entre as prioridades do Concello está que Protección Civil conte cun equipamento axeitado.



## Acondiciónase o paseo do Carboeiro para acceder ao CEIP Díaz Pardo



O Concello acondiciona as sendas do paseo fluvial do Carboeiro para que estean en óptimas condicións de utilización no inicio do curso escolar. Este itinerario será o máis curto e seguro para boa parte do alumnado do CEIP Isaac Díaz Pardo. Para quen reside noutras partes de Sigüeiro, o Concello agarda construír canto antes as beirarrúas da avenida de Compostela. Está previsto que nestes primeiros días de setembro chegue á administración municipal a autorización do Ministerio de Fomento para esa obra.


O alcalde, Manuel Mirás, agradece a colaboración, a comprensión e a paciencia que demostraron as familias dos nenos e nenas e o persoal do centro durante a execución das obras de urbanización nas inmediacións do novo colexio o pasado curso 2014-2015.

## O Concello estuda ofrecer asesoramento profesional sobre instalacións eléctricas

O alcalde, Manuel Mirás, reuniuse co delegado en Santiago do Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia, Fernando Blanco, para coñecer a entidade e valorar posibles colaboracións. Tras o encontro, Mirás explicou que estudará cos servizos xurídicos do Concello a opción de contratar un enxeñeiro industrial para asesorar os establecementos comerciais en materia de instalacións eléctricas e para elaborar os certificados de eficiencia enerxética dos edificios de titularidade municipal.



## A Filharmónica de Góis e unha exhibición de drones no Góis Oroso Arte 2015



Xa está aquí o encontro Góis Oroso Arte 2015. Vaise inaugurar no serán do 11 de setembro e manterá a súa exposición no Centro Cultural de Sigüeiro ata o 2 de outubro. Na apertura da mostra, actuará a orquestra Filharmónica de Góis, unha formación que data de 1834. E para o sábado 12 están programadas unha conferencia sobre a normativa dos drones no centro cultural máis unha demostración posterior na Alameda de Góis. Serán a partir das 11:30 horas e estarán a cargo de Fernando Beteta, piloto profesional e operador de drones.



## Inscricións nas actividades para maiores, do 7 ao 25 de setembro

As actividades municipais para maiores abren o seu prazo de inscrición para o novo curso do 7 ao 25 de setembro. O programa inclúe informática, tai chi, ximnasia, obradoiro de memoria, e música e movemento. As inscricións poden formalizarse nos departamentos de Servizos Sociais ou de Animación Sociocultural.



## Noite de Cine con 'Lo imposible'

O programa Noites de Cine, do Concello e da Deputación, ofrecerá o pase de 'Lo Imposible' o martes 15 de setembro na Praza de Isaac Díaz Pardo. A finais de agosto xa vimos 'Gru 2. Mi villano favorito'.



## Foi noticia...



## Estamos en plena Semana Cultural

Centos de veciños e veciñas participan estes días nas actividades que forman parte do programa da Semana Cultural 2015 do Concello de Oroso. Comezou cunha saída ao parque acuático de Cerceda e fóronse sucedendo as visitas ao Planeta Móbil, números de circo e maxia, actuacións de monicreques, xogos, deportes... Para estes primeiros días de setembro, esta é a programación: martes 1, curso de iniciación á astronomía a mediodía (ata o xoves) e teatro familiar (19:30 horas); mércores 2, espectáculo de aéreos no serán (19:30 horas); xoves 3, espectáculo de ilusións ópticas na rúa (17 a 21 horas) e observación astronómica (22 horas); e venres 4, xincana (11 a 13 horas) e actuación da Aula de Música (20 horas). As actividades previstas no exterior trasladaranse ao centro cultural no caso de que chova.

## O 'Summer Camp' despídese ata 2016

Unha visita á Policía Local e a Protección Civil e a plantación dunha árbore no Paseo do Carboeiro foron dúas das últimas actividades do programa 'Summer Camp', que prosegue ata o 9 de setembro.



## O Sigüeiro FC gaña o Torneo municipal



O Sigüeiro FC é o campión do XIII Torneo Concello de Oroso de fútbol. Os xogadores do equipo principal venceron os seus compañeiros do Sigüeiro B aos penaltis, logo de que a final rematara con 0-0. No partido polo terceiro posto, o Xuventude Oroso gañoulle á SD Deixebre por 0-1. O alcalde, Manuel Mirás, presenciou o torneo cos concelleiros Luis Rey e Antonio Leira.

